

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**18102** *Orde INT/3022/2010, do 23 de novembro, pola que se regula o taboleiro edictal de sancións de tráfico.*

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, consagrou a relación coas administracións públicas por medios electrónicos como un dereito dos cidadáns e como unha obriga correlativa para as ditas administracións.

A citada lei, no seu artigo 12, establece que a publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, se deban publicar nun taboleiro de anuncios ou edictos poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación na sede electrónica do organismo correspondente. A sede electrónica do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico foi aprobada mediante Resolución da Dirección Xeral de Tráfico do 11 de marzo de 2010.

Neste contexto, a Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora, crea o taboleiro edictal de sancións de tráfico, en formato dixital, que se constitúe nun taboleiro de anuncios ou edictos, conforme se establece no citado artigo 12 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

A notificación a través do taboleiro edictal de sancións de tráfico será única, de maneira que todas as notificacións a que dean lugar os procedementos sancionadores en materia de tráfico, no caso de que non puidesen ser notificadas ao interesado no seu domicilio ou no seu enderezo electrónico viario, terán que se publicar no dito taboleiro e substituirá a notificación mediante edictos que actualmente se leva a cabo por medio de anuncios no taboleiro edictal do concello, no «Boletín Oficial del Estado», da comunidade autónoma ou da provincia, conforme o disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 78 do dito texto articulado, o taboleiro edictal de sancións de tráfico será xestionado pola Dirección Xeral de Tráfico e a práctica da notificación nel efectuarase nos termos que se determinen por orde do ministro do Interior.

Esta previsión debe ter efecto desde o día 25 de novembro de 2010, segundo se establece na disposición derradeira sétima da Lei 18/2009, do 23 de novembro, data a partir da cal todas as notificacións do procedemento sancionador en materia de tráfico que non se puidesen practicar no enderezo electrónico viario ou no domicilio do interesado, se publicarán no taboleiro edictal de sancións de tráfico.

O obxectivo principal desta orde é dar cumprimento a ese mandato legal establecendo o funcionamento, a xestión e a publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico, con pleno sometemento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e conforme os requisitos exixidos pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, dotándoo de plena autenticidade e validez xurídica.

Do seu contido cabe destacar o carácter universal e gratuíto da consulta ao taboleiro edictal de sancións de tráfico, que será libremente accesible a través da internet a todos os cidadáns conforme o principio de igualdade consagrado no artigo 4.b) da citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, de maneira que ningún cidadán se poida sentir discriminado polo feito de non dispor dos medios electrónicos necesarios.

Establécense, para iso, puntos de acceso en oficinas públicas, modalidades varias de apoio e asistencia á procura de documentos, así como, en todo caso, a posibilidade, ao alcance de todo cidadán, de obter unha copia impresa en papel dos edictos que se publicasen no taboleiro edictal de sancións de tráfico.

Esta orde recibiu informe favorable da Comisión Ministerial de Administración Electrónica conforme o disposto na alínea l) do punto segundo da Orde INT/3192/2008, do 4 de novembro, pola que se regula a composición e funcións da citada comisión.

Así mesmo, emitiu informe a Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5.b) do estatuto da citada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Na súa virtude, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o taboleiro edictal de sancións de tráfico como medio oficial de publicación a través de edictos das notificacións a que dea lugar o procedemento sancionador como consecuencia da comisión de infraccións á normativa sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, que non se puidesen practicar no enderezo electrónico viario, nos equivalentes das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico, ou no domicilio do interesado, para cuxa sanción sexan competentes:

- a) Os xefes provinciais e locais de Tráfico.
- b) Os órganos correspondentes das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico.
- c) Os alcaldes.

2. Así mesmo, publicaranse nel as notificacións das resolucións dos recursos administrativos interpostos contra as resolucións sancionadoras a que se refire o punto anterior, con independencia de cal sexa a autoridade sancionadora competente.

3. A publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico terá a consideración de oficial e auténtica, conforme as normas e condicións que se establecen nesta orde.

## Artigo 2. *Características do taboleiro edictal de sancións de tráfico.*

1. O taboleiro edictal de sancións de tráfico será de formato dixital e axustarase ás especificacións que se establecen nesta orde, así como ás condicións establecidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Publicarase na sede electrónica do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e na dita sede será accesible as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, salvo que resulte imposible por circunstancias extraordinarias de carácter técnico.

3. A publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico respectará os principios de accesibilidade e facilidade de uso, de acordo coas normas establecidas respecto diso, utilizará estándares abertos e, de ser o caso, aqueloutros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns, cunha constante adaptación ao progreso tecnolóxico.

En particular, terá as condicións de accesibilidade que faciliten a súa consulta por parte das persoas con discapacidade ou de idade avanzada, de acordo co establecido no Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.

## Artigo 3. *Garantías do taboleiro edictal de sancións de tráfico.*

1. A Dirección Xeral de Tráfico, como órgano xestor do taboleiro edictal de sancións de tráfico, será responsable de:

- a) Garantir a autenticidade e integridade do seu contido e dos edictos que nel se publiquen mediante o emprego dos sistemas de sinatura electrónica relacionados nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Para ese efecto, na Dirección Xeral de Tráfico existirán os rexistros de sinaturas electrónicas dos organismos emisores facultados para asinar a solicitude de publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico.

b) Velar para que reúna as condicións de accesibilidade necesarias para a súa consulta por parte das persoas con discapacidade ou de idade avanzada e a súa permanente adaptación ao progreso tecnolóxico.

c) Garantir, mediante o emprego dos medios técnicos adecuados, a xeración do código seguro de verificación que garanta a integridade do edicto publicado.

d) Garantir, a través de redes públicas de telecomunicación, o acceso universal e gratuíto ao taboleiro edictal de sancións de tráfico, con respecto ás previsións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e implantar no taboleiro edictal de sancións de tráfico as medidas de seguridade establecidas na citada lei orgánica e na súa normativa de desenvolvemento.

e) Publicar na sede electrónica do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico as prácticas e os procedementos necesarios para a efectividade do previsto neste artigo.

2. Os cidadáns poderán verificar o cumprimento destas exixencias mediante aplicacións estándar ou, de ser o caso, mediante as ferramentas informáticas que proporcione a sede electrónica do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

#### Artigo 4 *Acceso dos cidadáns ao taboleiro edictal de sancións de tráfico.*

1. Os cidadáns terán acceso libre e gratuíto ao taboleiro edictal de sancións de tráfico, sen necesidade de utilizar ningún mecanismo de identificación e autenticación.

2. A Dirección Xeral de Tráfico ofrecerá na sede electrónica do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico un sistema de procura avanzado que lles permitirá aos cidadáns localizar se teñen edictos publicados no taboleiro edictal de sancións de tráfico, así como a súa recuperación e impresión, tanto dos que estean dentro do prazo de publicación como daqueles en que o prazo conclúise. Este sistema de procura avanzado contará cos mecanismos necesarios para evitar a indexación e a recuperación automática de publicacións a través de motores de procura desde a internet.

A conservación e o almacenamento da información obtida como consecuencia da consulta do taboleiro edictal de sancións de tráfico unicamente lles estará permitida ao propio interesado, á persoa a que este autorizase e ás administracións públicas que por lei o teñan autorizado, e nos restantes casos resultará contraria ao disposto no artigo 7.5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

3. Nas oficinas de información e atención ao cidadán da Administración xeral do Estado, así como nas equivalentes da Administración local dos organismos que envíen edictos para a súa publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico, facilitarase a consulta pública e gratuíta a este. Con ese fin, en cada unha delas existirá, polo menos, un terminal informático a través do cal se poderán realizar procuras no taboleiro edictal de sancións de tráfico. As ditas oficinas deberán facilitar ás persoas que o soliciten unha copia impresa dos edictos que requiran.

#### Artigo 5. *Lista de excluídos.*

1. Os cidadáns que non desexen que os seus datos de carácter persoal incluídos nos edictos publicados poidan ser visualizados por calquera usuario que acceda ao taboleiro edictal de sancións de tráfico, poderán solicitar a alta no servizo «lista de excluídos».

2. A alta no servizo «lista de excluídos» suporá que os datos persoais contidos nos edictos publicados no taboleiro edictal de sancións de tráfico só poderán ser visualizados polo propio interesado e polas persoas que este autorizase, sen que por iso se vexa afectada a autenticidade e validez do edicto orixinal.

3. Malia o disposto nos puntos anteriores, o Defensor do Pobo, o Ministerio Fiscal, a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou os órganos equivalentes da Administración autonómica ou local, os xuíces e tribunais, así como o organismo emisor do edicto, poderán

acceder aos datos de carácter persoal contidos nos edictos dos cidadáns que estean dados de alta na «lista de excluídos».

4. A alta e a baixa no servizo solicitarase a través da aplicación informática que a Dirección Xeral de Tráfico porá á disposición dos cidadáns na sede electrónica do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, producirá efectos desde as vinte e catro horas seguintes á solicitude e afectará todos os edictos publicados no taboleiro edictal de sancións de tráfico, tanto se se encontran en estado vixente como se se encontran en estado non vixente.

5. Para solicitar a alta ou a baixa no servizo, así como para poder visualizar os datos de carácter persoal contidos nos edictos daqueles cidadáns que estean dados de alta na «lista de excluídos», exixirase identificación e autenticación mediante os sistemas de sinatura electrónica relacionados no artigo 13.2.a) e b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

#### Artigo 6. *Características dos edictos.*

1. Na cabeceira de cada edicto, así como na de cada unha das súas páxinas, figurará:

- a) O escudo de España.
- b) A denominación «Taboleiro edictal de sancións de tráfico».
- c) O logo do taboleiro edictal de sancións de tráfico.
- d) O número do organismo emisor.
- e) A data de publicación.
- f) O número de páxina.

2. No comezo do edicto figurará, ademais, a identificación do organismo emisor e, opcionalmente, o seu escudo.

3. No pé de cada páxina do edicto incluírase o enderezo da sede electrónica, a denominación «Taboleiro edictal de sancións de tráfico», así como o logo da Dirección Xeral de Tráfico.

4. En todas as páxinas de cada edicto que se publique incluírase o código seguro de verificación que permita contrastar a súa autenticidade.

5. A data de publicación de cada edicto será a que figure na cabeceira e en cada unha das páxinas do edicto que se insira.

6. Todos os edictos figurarán numerados de maneira correlativa por cada organismo que solicite a publicación e ano.

#### Artigo 7. *Competencias para a inserción de edictos.*

Correspóndelle á Dirección Xeral de Tráfico a ordenación e o control da inserción dos edictos no taboleiro edictal de sancións de tráfico, tanto dos propios coma dos das outras administracións con competencia sancionadora en materia de tráfico, velando polo cumprimento dos requisitos formais necesarios en cada caso, sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira.

#### Artigo 8. *Solicitude de publicación.*

1. A Dirección Xeral de Tráfico habilitará un sistema que recibirá por medios electrónicos as solicitudes de publicación dos emisores autorizados, e proporcionará as garantías establecidas no artigo 31 do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.

Para o intercambio electrónico de información a través deste sistema cos organismos públicos emisores de edictos empregaranse os sistemas de sinatura electrónica relacionados nos artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. Á solicitude, que deberá ser remitida cunha antelación mínima de dous días hábiles ao da publicación, xuntarase o texto do edicto en formato electrónico, de acordo coas garantías, especificacións e modelos que se establezan no referido sistema informático.

3. Cando o organismo emisor teña a súa sede no territorio dunha comunidade autónoma con lingua cooficial propia, deberá enviar o edicto para a súa publicación en castelán e, ademais, poderá enviálo na lingua cooficial propia. Neste caso, a publicación farase en ambas as linguas. En caso de discrepancia, prevalecerá o texto que determine o organismo emisor.

4. O organismo emisor que solicitase a publicación do edicto será o responsable do seu contido. A Dirección Xeral de Tráfico manterá un rexistro dos organismos que envíen edictos para a súa publicación e na sede electrónica do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico estará dispoñible un directorio actualizado deles.

5. O intercambio de información e servizos entre o taboleiro edictal de sancións de tráfico e os organismos emisores deberase realizar preferentemente a través da rede de comunicacións das administracións públicas españolas, salvo imposibilidade técnica, de acordo co sinalado polo artigo 13 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

#### Artigo 9. *Publicación dos edictos.*

1. Os orixinais dos edictos remitidos para a súa publicación serán custodiados nos mesmos termos en que estean redactados e autorizados, sen que se poidan modificar.

2. Por cada edicto que se reciba para a súa publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico comporase, a partir do orixinal, un edicto único que conterá todos os datos sen aplicar a lista de excluídos. No caso de que o organismo emisor o enviase, ademais de en castelán, na lingua cooficial propia, comporase o edicto único en ambas as linguas.

Ambos os documentos terán carácter reservado, serán xerados e custodiados segundo o establecido no artigo 32 do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, e non se poderá facilitar información acerca deles, excepto ao Defensor do Pobo, ao Ministerio Fiscal, á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou aos órganos equivalentes da Administración autonómica ou local, aos xuíces e tribunais, así como ao organismo emisor.

3. A Dirección Xeral de Tráfico porá á disposición dos organismos emisores os mecanismos necesarios para que poidan consultar, en todo momento, o estado en que se encontran os edictos que envíen para a súa publicación.

Así mesmo, porá á disposición dos órganos de fiscalización e control mecanismos que lles permitan acceder en calquera momento ao contido dos edictos orixinais, así como verificar a súa orixe e autenticidade.

4. A corrección dos erros existentes nos edictos publicados poderase realizar por petición de quen solicitase a publicación e polo mesmo procedemento previsto para esta, ou de oficio pola Dirección Xeral de Tráfico cando sexa resultado dalgún erro de composición, transcripción ou gravación, sempre que supoña unha alteración ou modificación do seu contido de maneira que poida suscitar dúbidas.

5. A publicación dos edictos no taboleiro edictal de sancións de tráfico efectuarase sen contraprestación económica por parte da Administración que a solicitase.

#### Artigo 10. *Prazo de publicación dos edictos.*

1. A Dirección Xeral de Tráfico manterá exposto o edicto no taboleiro edictal de sancións de tráfico en estado vixente, durante un prazo de vinte días naturais.

2. Se durante o prazo de publicación do edicto o taboleiro edictal de sancións de tráfico estiver inaccesible para os cidadáns por cuestións extraordinarias de carácter técnico do propio taboleiro edictal de sancións de tráfico, ese prazo prorrogarase automaticamente por un prazo igual ao dos días que estivese inaccesible. Para estes efectos, só se considerará que o taboleiro edictal de sancións de tráfico estivo inaccesible se o problema técnico se mantivo durante días completos.

3. En especial, para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora da publicación do edicto. A



sincronización da data e hora realizarase de acordo co previsto no artigo 15 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro.

4. Finalizado o prazo de publicación ou o período de vixencia, a notificación terase por practicada e poderase continuar o procedemento. No entanto, o edicto seguirá estando accesible durante un ano no taboleiro edictal de sancións de tráfico en estado non vixente. Unha vez transcorrido este prazo, só terán acceso a el o propio interesado ou o seu representante, o Defensor do Pobo, o Ministerio Fiscal, a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou os órganos equivalentes da Administración autonómica ou local, e os xuíces e tribunais.

Artigo 11. *Dilixencia de acreditación de publicación.*

A Dirección Xeral de Tráfico, unha vez finalizado o prazo de publicación do edicto no taboleiro edictal de sancións de tráfico, enviará por medios electrónicos ao organismo emisor, ou porá á súa disposición na sede electrónica os mecanismos de carácter informático necesarios para obtela, unha dilixencia acreditativa da publicación asinada electronicamente, na cal figurarán os datos do edicto e as datas en que permaneceu exposto en estado vixente.

Disposición adicional primeira. *Interoperabilidade cos taboleiros de edictos das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico.*

No suposto de que as comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico, de conformidade co disposto na disposición adicional quinta da Lei 18/2009, do 23 de novembro, creen os seus propios taboleiros de edictos, nos cales poderán efectuar as publicacións das notificacións sancionadoras propias, así como as das administracións locais pertencentes aos seus ámbitos territoriais coas cales subscribisen o correspondente convenio de colaboración, estes taboleiros e o taboleiro edictal de sancións de tráfico deberán interoperar entre si para permitir que o cidadán, a través dun único acceso, poida ter coñecemento da publicación de calquera notificación dun procedemento sancionador que se estea tramitando contra el.

Disposición adicional segunda. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. O funcionamento, a xestión e a publicación de edictos no taboleiro edictal de sancións de tráfico realizarase conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, así como no resto da normativa que lle sexa de aplicación.

2. Para os efectos do disposto na mencionada normativa, a Dirección Xeral de Tráfico, á cal lle corresponde a xestión do taboleiro edictal de sancións de tráfico, terá a condición de responsable do ficheiro.

As administracións con competencias executivas en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria ás cales se refire o artigo 1.1 desta orde distintas da Dirección Xeral de Tráfico terán, conforme a citada normativa, a condición de responsables do tratamento respecto dos datos correspondentes aos edictos cuxa publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico sexa ordenada por aquelas.

A Dirección Xeral de Tráfico será igualmente responsable do tratamento en relación cos edictos relacionados correspondentes aos procedementos sancionadores cuxa resolución sexa competencia dos xefes provinciais e locais de Tráfico.

3. Os responsables do tratamento serán responsables do cumprimento dos principios de protección de datos respecto dos edictos cuxa publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico ordenen.

En particular, no ámbito das súas respectivas competencias, corresponde aos responsables do tratamento determinar o uso e contido dos datos de carácter persoal publicados no taboleiro edictal de sancións de tráfico, así como a posibilidade do seu bloqueo cando deixasen de ser necesarios ou pertinentes para a finalidade para a cal fose

efectuada a dita publicación con anterioridade ao prazo máximo de conservación dos edictos no taboleiro edictal de sancións de tráfico, a que se refire o artigo 10.4 desta orde.

Disposición adicional terceira. *Accesibilidade.*

Sen prexuízo do disposto nesta orde garantírase o acceso dos cidadáns ao coñecemento dos actos administrativos do procedemento sancionador en materia de tráfico que os afecten, nos termos previstos na normativa vixente para o efecto.

Disposición transitoria única. *Publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico das notificacións por parte das administracións locais.*

A implantación efectiva da publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico das notificacións que non se puideron practicar no enderezo electrónico viario ou no domicilio do interesado, por parte das administracións locais con competencia sancionadora en materia de tráfico, poderase realizar de forma progresiva en función da dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios para iso.

En todo caso, estas estarán obrigadas a efectuar a publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico das ditas notificacións a partir do 25 de maio de 2012.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Por Resolución do director xeral de Tráfico publicada no «Boletín Oficial del Estado» informárase da data en que cada Administración local se incorporou á publicación das notificacións no taboleiro edictal de sancións de tráfico.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Orde INT/3764/2004, do 11 de novembro, pola que se adecuan os ficheiros informáticos do Ministerio do Interior que conteñen datos de carácter persoal á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e se crean novos ficheiros cuxa xestión corresponde ao dito ministerio.*

Na epígrafe «Dirección Xeral de Tráfico» do anexo I da Orde INT/3764/2004, do 11 de novembro, pola que se adecuan os ficheiros informáticos do Ministerio do Interior que conteñen datos de carácter persoal á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e se crean novos ficheiros cuxa xestión corresponde ao dito ministerio, inclúense os seguintes ficheiros:

1. 89 tris. Nome do ficheiro: taboleiro edictal de sancións de tráfico.

a) Finalidade do ficheiro: xestionar o taboleiro edictal de sancións de tráfico.

b) Usos previstos: xestión administrativa da publicación a través de edictos das notificacións a que dea lugar o procedemento sancionador como consecuencia da comisión de infraccións da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, que non se puideron practicar no enderezo electrónico viario ou no domicilio do interesado, con independencia de cal sexa a autoridade sancionadora competente.

c) Persoas ou colectivos dos cales se obteñen os datos ou que resulten obrigados a fornecelos: organismos emisores autorizados para solicitar a publicación a través de edictos no taboleiro edictal de sancións de tráfico das notificacións que non se puidesen practicar no enderezo electrónico viario ou no domicilio do interesado.

d) Procedemento de recolla dos datos: aplicacións informáticas establecidas para o efecto.

e) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos datos recolleitos: contén datos dos organismos emisores autorizados para solicitar a publicación a través de edictos das notificacións: nome, apelidos, DNI ou NIE, clave pública da sinatura electrónica, así como os datos das persoas notificadas mediante os edictos: nome, apelidos ou denominación social, DNI, NIE ou CIF.

f) Sistema de tratamento: automatizado.

g) Cesións de datos previstas: Defensor do Pobo, Ministerio Fiscal, Axencia Estatal de Administración Tributaria, xuíces e tribunais.

h) Transferencias internacionais previstas a países terceiros: non se prevén.

i) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Tráfico.

j) Órgano ante o cal se poden exercer os dereitos de rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Tráfico; rúa Josefa Valcárcel 44, 28071 Madrid.

k) Medidas de seguridade: nivel medio.

2. 89 quáter. Nome do ficheiro: lista de excluídos do taboleiro edictal de sancións de tráfico.

a) Finalidade do ficheiro: xestionar o servizo «lista de excluídos» do taboleiro edictal de sancións de tráfico.

b) Usos previstos: xestión administrativa dos datos persoais de quen solicite a alta ou a baixa no servizo «lista de excluídos» para impedir que poidan ser visualizados por calquera persoa que acceda aos edictos publicados no taboleiro edictal de sancións de tráfico.

c) Persoas ou colectivos dos cales se obteñen os datos ou que resulten obrigados a fornecelos: aqueles que soliciten a alta ou a baixa no servizo «lista de excluídos» para que os seus datos persoais contidos nos edictos publicados no taboleiro edictal de sancións de tráfico non poidan ser visualizados máis que por eles mesmos e polas persoas ás cales autorizen.

d) Procedemento de recolla dos datos: aplicacións informáticas establecidas para o efecto.

e) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos datos recollidos: contén datos das persoas que solicitaron a alta no servizo «lista de excluídos»: nome, apelidos, DNI ou NIE, domicilio, clave pública da sinatura electrónica.

f) Sistema de tratamento: automatizado.

g) Cesións de datos previstas: ningunha.

h) Transferencias internacionais previstas a países terceiros: non se prevén.

i) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Tráfico.

j) Órgano ante o cal se poden exercer os dereitos de rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Tráfico; rúa Josefa Valcárcel, 44, 28071 Madrid.

k) Medidas de seguridade: nivel medio.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de novembro de 2010. O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, Alfredo Pérez Rubalcaba.